

Acta núm. 03/2021.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 9 de febreiro de 2021.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 María Rosa Romero Fariña.
 Sandy Marie Cebra Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 9 de febreiro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2021, DO 26.01.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) CAMBIOS DE TITULARIDADE.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 02/2021, DO 26.01.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26.01.2021, acta núm. 02/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Fabián Arroyo Torres, que di actuar en representación de GEMA MARÍA SÁNCHEZ MERA HERNÁNDEZ, na que comunica que vai instalar doce paneis fotovoltaicos na cuberta da vivenda sita no Cabo 17, Os Ánxeles, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para producir enerxía eléctrica de autoconsumo.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral 7844402NH2474S0001GW) na que se vai facer a instalación, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 82,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 146,85 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PAULA GRAO PAZOS, na que comunica que vai realizar a seguinte obra en Beca 14, Bastavales:

.- Construír aproximadamente 100 metros lineais de peche de separación cos lindeiros con fábrica de bloques e arame.

.- Construír un garaxe de 50 m² con fábrica de ladrillo.

.- Colocar un portalón de entrada de vehículos á parcela, nun muro de peche de pedra existente que non cumpre coa separación mínima ao eixe da vía.

A parcela na que se vai construír o peche e o garaxe (referencia catastral 9808806NH2490N0001LE) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coas seguintes condicións:

.- A parte cega de bloques de formigón terá unha altura máxima de 1,20 metros, e a altura total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

.- A parte cega de bloques será convenientemente revestida e pintada.

.- O galpón situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros, será convenientemente revestido e pintado e o material de cubrición da cuberta será tella.

.- O portalón de entrada á parcela situarase a 4 metros do eixe do camiño.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 313,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 378,23 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL VARELA REY, na que comunica que vai realizar obras de conservación na cuberta da vivenda da Avda. Santa Minia 57, Brión, substituindo as tellas en mal estado por tellas novas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 6261512NH2466S0001AO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 45,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,55 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO FERREIRA GONZÁLEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nas fachadas lateral e traseira da vivenda de Soutullos 4, San Salvador, colocando material illante, cámara de aire, revestindo, pintando e colocando pedra no zócalo e nos ocos das ventás, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 7424401NH2472S0001FF) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 86,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 151,17 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de MARÍA TERESA OREIRO GARCÍA, na que comunica que vai construír un peche en Chave de Ponte 48, Bastavales, coas seguintes características:

.- O peche de separación coas parcelas lindantes, aproximadamente 128 metros lineais, con tres filas de bloque de formigón branco e reixa metálica ata unha altura total de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

.- O peche en contacto coa vía pública, 32 metros lineais, con muro tradicional de sillares de pedra ata 1,35 metros de altura e dous portalóns de entrada (un de vehículos e outro peonil).

A parcela na que se vai construír o peche (referencia catastral 9115113NH2491N0000PL) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche en contacto coa vía pública, 32 metros lineais, situarase a 5,50 metros do eixe do vial, segundo plano de situación do proxecto de execución visado o 22.05.2019 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, segundo o cal se lle concedeu licenza de obra maior para construír unha vivenda na Xunta de Goberno Local o 25.06.2019.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 198,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 262,97 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por IGNACIO MUGICA FANJUL e NEREA COLL GONZÁLEZ-LAGANÁ, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Lamiño 67, Brión, segundo proxecto de execución redactado por Ezcurra e Ouzande arquitectura SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.12.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 6663709NH2466S0000LI e 6663710NH2466S0000QI) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado por Ezcurra e Ouzande arquitectura SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.12.2020.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (120,20 m²), que implica a pavimentación dos dous frontes da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- A vivenda conectarase á rede pública de saneamento no momento que esta sexa executada a menos de 100 metros, segundo a ordenanza fiscal núm. 19-T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.050,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 100,97 euros.

Total: 3.150,97 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMÓN MOURIÑO FRESCO e SONIA RODRÍGUEZ TUBIO, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte 51, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.03.2020 e documentación complementaria visada o 11.06.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 8812102NH2481S0001HQ) está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.03.2020 e documentación complementaria visada o 11.06.2020.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (140,00 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 140 m² destinados a viais fora das alifiações establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 3 de febreiro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.396,31 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 181,05 euros.

Total: 2.577,36 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por AURELIO COUSO CAMBEIRO e YANINA GRISEL IZQUIERDO FRICK, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Saime 27, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2020 e documentación complementaria visada o 15.01.2021.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral 4928702NH2442N0001XJ e 4928701NH2442N0001DJ) está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 11.12.2020 (expediente 607/20), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2020 e documentación complementaria visada o 15.01.2021.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (111 m²), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (beirarrúas e calzada), a execución das conexións de abastecemento e saneamento as redes existentes, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 111 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 5 de febreiro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.729,49 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 211,77 euros.

Total: 2.941,26 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ASUNCIÓN MOSQUERA IGLESIAS, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Gontade 13, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local o 03.12.2013 concedeulle licenza de obra a María Asunción Mosquera Iglesias, para rehabilitar unha vivenda unifamiliar en Gontade 13, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución refundido redactado polo estudio de arquitectos Cid-Rivadulla Arquitectos SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.07.2013 e documentación complementaria visada o 18.07.2013.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e do certificado final de dirección de obra asinado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, autorizando á interesada o mantemento en precario do terreo e do muro que se sitúan na porción obxecto de cesión ao Concello con destino a viario público, coa condición de proceder o seu desmonte e demolición, sen indemnización algunha, no momento que o Concello o requira, e singularmente, cando se proceda polo Concello á ampliación do viario, quedando entre tanto o muro en situación de fora de ordenación, sen que se poidan levar a cabo no mesmo máis obras que as permitidas polo art. 90 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO.- CAMBIOS DE TITULARIDAE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN FRESCO ARES, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de carpintería metálica e cerraxería, situada en Chave de Ponte, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Hipólito Mouriño Botana, e preténdese poñer a nome de Carmen Fresco Ares.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de carpintería metálica e cerraxería, situada en Chave de Ponte, Bastavales, a nome de Carmen Fresco Ares, con NIF: 35447732-V.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN FRESCO ARES, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café-bar, situado en Chave de Ponte 2, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Hipólito Mouriño Botana, e preténdese poñer a nome de Carmen Fresco Ares.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café-bar, situado en Chave de Ponte 2, Bastavales, a nome de Carmen Fresco Ares, con NIF: 35447732-V.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN FRESCO ARES, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de comercio polo miúdo, situado en Chave de Ponte 2, Bastavales.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Hipólito Mouriño Botana, e preténdese poñer a nome de Carmen Fresco Ares.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de comercio polo miúdo, situado en Chave de Ponte 2, Bastavales, a nome de Carmen Fresco Ares, con NIF: 35447732-V.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González